

ACTA E RESUMO DE ACORDOS DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA 2025

Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia
Facultade de Ciencias da Educación. Santiago de Compostela.
9 de maio de 2025

ASISTENTES:

PRESIDENTA	SONIA GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, colex. 3402 (+ 2 votos delegados das colex. 3242 e 4937)
VICEPRESIDENTA	ROCÍO NÚÑEZ RÚA, colex. 3867
SECRETARIO	ALFONSO TEMBRÁS LÓPEZ, colex. 0103
TESOUREIRA	IRIA GARCÍA MARTÍNEZ, colex. 3545
VOGAL	JESÚS DEIBE FERNÁNDEZ SIMO, colex. 4851
VOGAL	MARÍA FELICIDAD GONZÁLEZ TENREIRO, colex. 0177
	Colexiado nº 0816
	Colexiada nº 4845
	Colexiada nº 0164 (+ 1 voto delegado da colex. 0166)
	Colexiada nº 5493
	Colexiado nº 0968
	Colexiada nº 3830
	Colexiado nº 5570 (+ 1 voto delegado da colex. 3550)
	Colexiada nº 3010
	Colexiada nº 3545
	Colexiado nº 5328
	Colexiada nº 5654
	Colexiada nº 5582
	Colexiado nº 4830
	Colexiada nº 0924
	Colexiada nº 3337
	Colexiada nº 3389
	Colexiada nº 3688
	Colexiada nº 4848

Total Asistentes: 24 (17 mulleres e 7 homes).

E 4 votos delegados (4 mulleres)

Iníciase a Asemblea Xeral o venres 9 de maio de 2025 ás 16:30h.

Sonia González Rodríguez, Presidenta da Xunta de Goberno do Ceesg, dá a benvida a todas as persoas asistentes á *Asemblea Xeral*. Informa que toda a documentación está a disposición para consulta na sala.

ORDE DO DÍA

1. **APROBACIÓN DA ACTA DA ANTERIOR ASEMBLEA, ASEMBLEA XERAL DE 16 DE MARZO DE 2024.**
2. **INFORMACIÓN SOBRE PARTICIPACIÓN NO CGCEES.**
3. **APROBACIÓN DAS MEMORIAS TÉCNICA E ECONÓMICA 2024.**
4. **APROBACIÓN DO PLAN DE TRABALLO E ORZAMENTO 2025.**
5. **PROPOSTA DE ADAPTAR AS COTAS DE MANTEMENTO SEMESTRAL DO CEESG, PARA ENGADIR O SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL PROFESIONAL A TODAS AS COLEXIADAS A PARTIR DE 2026.**
6. **APROBACIÓN DO REGULAMENTO DO PROCEDEMENTO DISCIPLINARIO DO CEESG.**
7. **SUXESTIÓNS E PREGUNTAS.**

1. APROBACIÓN DA ACTA DA ANTERIOR ASEMBLEA, ASEMBLEA XERAL DE 16 DE MARZO DE 2024.

Presenta: Sonia González Rodríguez. Presidenta do Ceesg.

Pregunta se alguén considera necesaria a lectura, ou se pasamos directamente á votación. Procédese directamente á votación.

ACORDO:

A votación á **Acta da Asemblea Xeral 2024** resultou favorable, co seguinte escrutinio de votos:

Votos a favor: 17

Votos en contra: 0

Abstencións: 2

2. INFORMACIÓN SOBRE A PARTICIPACIÓN NO CGCEES.

Presenta: Sonia González Rodríguez. Presidenta do Ceesg.

O Cgcees está nun momento de transición, desde o Ceesg priorizamos o traballo de regularización da profesión da Educación Social.

Noutros asuntos mantense un acordo común desde o Cgcees, caso da visibilización do *Informe Socioeducativo* ou a *Educación Social e a Escola*.

Intervencións:

- A colexiada 0924 consulta se hai alguén na Xunta Permanente do Cgcees.
- Responde a Vicepresidenta Rocío Núñez Rúa. Confirma que desde o Ceesg Noelia Rodríguez Álvarez, Vogal do Ceesg, ostenta a Vicepresidencia do Cgcees e ademais coordina a Área de Comunicación do Cgcees.

3. APROBACIÓN DAS MEMORIAS TÉCNICA E ECONÓMICA 2024

MEMORIA ECONÓMICA 2024

Presenta: Rodrigo Gil Cedillo. Ex-Tesoureiro do Ceesg

Sonia González Rodríguez, Presidenta do Ceesg, indica que están presentes Rodrigo Gil Cedillo (Tesoureiro do Ceesg ata 17/02/2025) e Iria García Martínez (actual Tesoureira do Ceesg, desde 18/02/2025). Rodrigo Gil Cedillo exporá a Memoria Económica 2024, aínda que actualmente xa non é Tesoureiro do Ceesg, xa que dimitiu en febreiro de 2025 para poder acceder á convocatoria de Coordinador de Aloumiños; Iria García Martínez xa estaba en Xunta de Goberno, era Vogal, e accedeu a este posto de responsabilidade, a Tesouraría.

Procede á presentación da Memoria Económica 2024 Rodrigo Gil Cedillo, informando que hai tres copias da documentación na sala, para consulta:

A *Memoria Económica 2024* mostra o resultado obtido no exercicio económico 2024, estando formada polos ingresos e gastos do mesmo. Obtívose un resultado negativo, cunha perda que

ascendeu a -2.377,57€. Explica os motivos deste resultado: incremento da xornada de traballo do Coordinador de Formación, que pasou en maio de 30h/semanais a 35h/semanais; gasto *imprevisto* do Eixo de Acción Profesional e Sociolaboral, derivado do custo de autobuses desde A Coruña e Ourense ata o Parlamento de Galicia, polas mobilizacións contra a Lei de Función Pública; incremento de desprazamentos de representación da Xunta de goberno en todas as mobilizacións e formacións; xunto cunha menor recadación de *ingresos por cotas de mantemento semestral* respecto á prevista.

Cabe resaltar que o Xurés 2024 arroxoou un superávit de +2489,52€, así como que se mantivo unha aposta pola oferta formativa do Ceesg.

Pechouse o ano 2024 cun saldo positivo de colexiacións de 10 (103 altas-93 baixas), dispoñendo a 31/12/2024 de 964 colexiadas de alta no Ceesg (832 mulleres e 132 homes).

A día de hoxe 9/5/2025 hai 992 altas colexiais.

Intervencións:

- Sonia González Rodríguez, Presidenta do Ceesg. Fai un inciso en relación ao balance de colexiacións, resaltando como positiva a tramitación de 103 altas colexiais no 2024. Respecto ás 93 baixas colexiais, indica que se analizou a súa motivación e o Ceesg tamén iniciou no 2024 unha aposta por unha *Campaña de Colexición*.

BALANCE DE SITUACIÓN A 31/12/2024

Informa da situación patrimonial do Ceesg a 31/12/2024. O Ceesg está saneado a todos os niveis, xa que conta con liquidez en contas bancarias e non ten fondos alleos, mantendo unicamente débedas a curto prazo (a provedores e seguros sociais de decembro, IRPF e IVE do 4º trimestre, xa pagadas no mes de xaneiro), polo que o déficit do exercicio resulta insignificante.

O importe de débedas por cotas colexiais que figura no balance, ascende a 37.761,20€ e practicamente son baixas por impago desde o inicio da andaina do Ceesg.

O valor “contable” do colexio é de 284.571,13€.

Intervencións:

- O Colexiado 0816 fai unha suxestión cara ao futuro, solicitando que na documentación asamblearia se mostren as desviacións positivas e negativas respecto ao orzamento do exercicio.
- Presidenta Sonia González Rodríguez. Agradece a intervención e confirma que tomamos nota para futuros e exercicios.

Procédese á votación:

ACORDO:

A votación á **Memoria Económica 2024** resultou favorable, aprobada por unanimidade de votos.

MEMORIA TÉCNICA 2024

Presenta: Sonia González Rodríguez. Presidenta do Ceesg.

Esta Xunta de Goberno apostou pola formación, creando o posto de traballo de *Coordinador de Formación* no Ceesg. Resáltanse apostas claras de continuidade, caso das seguintes: Convivencia

Xurés 2024 (3ª edición xa), Formación SEAF 2024, no Carballiño, como aposta por posibilitar unha rede de Educadoras/es Sociais que traballamos en Concellos; aposta por dar continuidade á formación da FEGAMP.

Destacar o I Convenio de colaboración SERGAS- CEESG, para o desenvolvemento do Proxecto Aloumiños executado de maio a novembro de 2024, co obxectivo de visibilizar a Educación Social nese ámbito de traballo.

Ademais de toda a formación impartida, o colexio tamén está aberto á recepción de propostas formativas, suxeitas a un mínimo de inscricións que cubran o custo de organización.

O *Eixo de Acción Profesional e Sociolaboral* tamén é un pilar importante do colexio, para a defensa da profesión. Moi activo tanto en impugnacións como en encontros coa Administración Pública.

Así mesmo no *Eixo de Participación Colexial* mantéñense os Grupo de Traballo do Ceesg como pilar da participación colexial, sendo Fiadeiras o máis activo.

Non producíndose intervencións, procédese á **votación da Memoria Técnica 2024**:

ACORDO:

A votación á **Memoria Técnica 2024** resultou favorable, aprobada por unanimidade de votos.

4. APROBACIÓN DO PLAN DE TRABAJO E ORZAMENTO 2025

PLAN DE TRABAJO 2025

Presenta: Sonia González Rodríguez. Presidenta do Ceesg.

Esta Xunta de Goberno mantén a teima pola loita da dignificación da profesión, motivo polo que é crucial o traballo desde o CGCEES para acadar a regularización profesional da Educación Social.

Destacar do Plan de Trabajo 2025:

- Previsión de novo encontro con Función Pública da Xunta de Galicia, na defensa da exclusividade da titulación de Diplomatura/Grao de Educación Social no acceso aos postos de Educador/a Social, a través da modificación da Lei de Emprego Público de Galicia. É unha cuestión de dignificación profesional, na que contamos co apoio tanto de sindicatos como das Universidades galegas.
- Defensa da financiación de postos de traballo de Educadora Social nos CIM.
- Aposta pola prórroga do Convenio para o apoio socio-educativo ás fillas e fillos orfos das vítimas mortais da Violencia de Xénero en Galicia (asinado no exercicio 2019 coa Xunta de Galicia), co obxectivo de crear unha listaxe de Educadoras/es Sociais especializadas no acompañamento.
- Apoio unánime a sindicatos e ás últimas concentracións polo asasinato da Educadora Social de Badajoz.
- A nivel Universidades, o mellor xeito de explicar o Plan de Trabajo 2025 é o I Congreso Internacional, Profesional e Interuniversitario de Educación Social, CIPIES, que vimos de celebrar.
- Defensa da integración de Educadoras/es Sociais en Tribunais de selección de procesos selectivos de Administracións Públicas, agora que xa contamos con moitas/os Educadoras/es Sociais persoal laboral fixo ou funcionarias/os de carreira.

- Mantese a aposta pola formación e as Convivencias de Xurés e SEAF no 2025, así como a necesidade de “repensar” os Grupos de Traballo.
- Incorporación do “Grupo Senior” de persoas xubiladas que continúen colexiadas.
- Mudar a denominación de “Amigas do Ceesg” por “Pre-colexiación”, a través da Campaña de *Colexiación* á que lle damos continuidade neste exercicio 2025

Intervencións:

- A colexiada 5654 solicita que se valoren opcións de colaboración que poidan xerar un desconto adicional ao estudantado universitario na cota de inscrición a eventos como o CIPIES. Aínda que o importe era inferior ao aplicable a persoas colexiadas, considera que non debería superar os 15€ ou 20€ para animar á súa participación.
- O colexiado 4830/Coordinador de Formación. Informa que xa había unha cota para pre-colexiación de 30€.
- A colexiada 5654 tamén propón non agardar a 4º curso de Educación Social para presentar o Ceesg; consulta se vai a terse en conta o informe da detección de áreas específicas de formación continua; e propón a priorización do profesorado de Educación Social para a titorización de prácticas desde o Ceesg.
- Presidenta, Sonia González Rodríguez:
 - Concorda coa proposta de titorización de prácticas, considera que é o mesmo que pasaba ata agora cos Tribunais de oposicións.
 - Sobre reducir as cotas de inscrición do CIPIES a alumnado universitario, informa que se levou a cabo un amplo debate para fixalas. Considera que hai que mantelas, xa que tanto unha alumna coma unha profesional colexiada cun soldo baixo ou condicións familiares complicadas estarían nunha situación similar, non podendo facer un congreso gratis posto que xogamos cos cartos da colexiación.
 - En relación ao informe da detección de áreas específicas de formación continua, o interés da Xunta de Goberno do Ceesg e o do Coordinador de Formación é sacar adiante todas as formacións. Se nalgunha non hai inscricións, na medida en que un grupo de profesionais colexiadas demanden a formación, execútase, como se fixo co SEAF. Este é o obxecto do posto do Coordinador de Formación.
- A colexiada 5582: Consulta que criterios se utilizan para deseñar o Plan de Formación?
- Presidenta, Sonia M González Rodríguez: Na planificación do Plan de Traballo anual téñense en conta as propostas recollidas nas avaliacións de formacións anteriores, centrándonos nos grandes eventos que consideramos precisos para a visibilización profesional (CIPIES, SEAF, Xurés, ...)
- colexiado 4830/Coordinador de Formación. Informa que tamén está a teima de abrir o abanico de formacións a todos os ámbitos da Educación Social. Por exemplo, como experto en Educación Ambiental gustaríalle facer algo neste ámbito, mais non hai demanda. Tamén se levan a cabo formacións, en colaboración con outras entidades. Informa tamén que no pasado exercicio caeron tres formacións, que levaron moito traballo de organización, por falta de inscricións.
- Colexiado 0816. Suxire votar conxuntamente o plan de traballo e o orzamento, xa que xeneraríase un absurdo se resulta votación favorable ao plan de traballo e non se aproba o orzamento (preciso para executalo).
- Presidenta Sonia González Rodríguez. Consulta coa Secretaria Técnica se pode facerse.
- Secretaria Técnica. Confirma que pode facerse, de feito en exercicios anteriores facíase así tanto para as memorias técnica e económica como para o plan de traballo e orzamento.
- Presidenta Sonia González Rodríguez. Aproba a proposta.

ORZAMENTO 2025

Presenta: Iria García Martínez. Tesoureira do Ceesg.

Indica que mostra a previsión de ingresos e gastos do presente exercicio económico 2025. Mantense a estrutura de Eixos e Grupos de Traballo, polo que a distribución de partidas de gasto e ingreso mantense igual que no ano anterior, incluíndo como partida separada o Proxecto Aloumiños.

Distribución de *Partidas de Gastos*:

A. PERSOAL CONTRATADO.

O groso dos gastos é a partida de todos os gastos asociados ao persoal (salarios, IRPF e seguridade social). Tres persoas contratadas, dúas a xornada completa e o Coordinador de Formación a 35h/semanais. A nova contratación do Coordinador do Proxecto Aloumiños non se inclúe aquí, senón que vai como partida separada.

B. MANTEMENTO LOCAL, RECURSOS INVENTARIABLES E FUNXIBLES.

Inclúe partidas de gasto correntes do exercicio (suministros, limpeza, telefonía, servizos de mantemento informático e da fotocopiadora, material funxible e o IBI).

C. EIXOS E GRUPOS DE TRABALLO DO CEESG.

Distribúense en varias partidas de gasto:

- XUNTA DE GOBERNO. Recolle dietas por encontros de traballo ou citas con entidades ou institucións públicas, entre outras, e o custo da póliza de seguro de accidentes, ademais do gasto con motivo da celebración da Asemblea anual.
- 3 EIXOS DE TRABALLO. Que recollen as partidas de gasto da programación que teñen planificado facer este ano:
- CGCEES. Recolle dúas partidas de gasto: unha partida de cotas que anualmente se pagan ao consello e outra partida de *participación estatal* por asistencia a asembleas, reunións de Xunta de Goberno e outras actividades ou eventos que se organicen a nivel estatal.

D. PROXECTO ALOUMIÑOS. CONVENIO SERGAS.

Este ano o importe é superior pola contratación do posto de *Coordinador de Proxecto Aloumiños*, formalizada no pasado mes de marzo. A intención é utilizar todos eses fondos do convenio.

E. OUTROS GASTOS DE XESTIÓN CORRENTES.

Gastos obrigatorios contablemente. A *amortización contable*.

Outros gastos: Comisións bancarias, comisións por TPV (desde 2023 hai a posibilidade de pago por pasarela, con tarxeta banacaria); asesoría fiscal; programa contable, etc.

Distribución de *Partidas de Ingresos*:

A. COTAS CEESG. Cotas de traslado de expediente, amigas/os, mantemento semestral, seguro RC e ingresos por cursos programados.

B. OUTROS INGRESOS DE EXPLOTACIÓN. Xuros bancarios a favor, do Depósito do Triodos Bank, e ingresos por venda de materiais.

C. AXUDAS/PATROCINIOS XUNTA DE GALICIA. Temos o compromiso das Direccións Xerais de *Familia, infancia e Dinamización Demográfica*, de *Inclusión Social*, e de *Programas para a Discapacidade*, de colaboración coas convocatorias programadas este ano de SEAF, Convivencia do Xurés e CIPIES respectivamente (importes sen IVE).

D. PROXECTO ALOUMIÑOS. CONVENIO COLABORACIÓN SERGAS. Mesmo importe que na partida de gasto, o do Convenio de colaboración.

E. REGULARIZACIÓN DE RECIBOS. Estimación de anulacións de recibos ou anulación de parte proporcional de recibos emitidos por posibles devolucións por baixas colexiais ou por bonificacións presentadas fóra de prazo.

F. FONDOS PROPIOS DO CEESG. 4.500€. A intención é que se equilibre o balance de gastos e ingresos, por un incremento nas inscricións das propostas formativas, polo que non haxa que recurrir a estes fondos propios, mais preferimos recollelos no orzamento e ser máis previsores.

Intervencións:

- Presidenta Sonia González Rodríguez. Sobre o Proxecto Aloumiños informa que como se asinou tarde o Convenio de colaboración co SERGAS no pasado exercicio 2024 (en agosto, cando as contratacións estaban formalizadas desde finais de maio), xustificárase o que realmente se gastou, non chegando a executarse toda a programación prevista. Este ano 2025, xa está feita a selección de profesionais e agardamos que non se retrase a sinatura do Convenio, no ánimo de executar toda a partida de gasto.
- O colexiado 5328 – Coordinador P. Aloumiños. No SERGAS son conscientes da lentitude da sinatura do Convenio de colaboración, co límite de execución no 30/11/2025, coa intención de que utilicemos todos os fondos asignados á partida orzamentaria do proxecto. A maioría dos fondos destinaranse ao pago de salarios e seguros sociais, quedando só 22.000€ para outros gastos entre os que se inclúen os gastos de desprazamento que serán o groso. Considera importante que o proxecto se leve a cabo por segundo ano no colexio, nos interesa como profesión que o proxecto funcione en zoas nas que non hai unha política social clara, coa intención de visibilizarnos e poñer en valor o que facemos. Inclúe 5 comarcas de actuación, para as que se contratarán 5 Educadoras Sociais. Traslada o seu agradecemento ao colexiado 4830/Coordinador de Formación que coordinou a 1ª edición do pasado ano, así como a colaboración da Secretaria técnica na parte de facturación e coordinación e xustificación de gastos e da Educadora Social do Ceesg.
- O Colexiado 0816. Consulta por que se reduce a partida de gasto de Xunta de Goberno no orzamento 2025, tendo en conta que no pasado exercicio 2024 se gastou máis.
- Presidenta Sonia González Rodríguez. Debido a que aínda que estimamos incrementar os encontros, centraranse nas Delegacións Territoriais para reducir o volume de desprazamentos. Engade que a tendencia como colexio profesional é solicitar colaboración conxunta para todas as formacións do colexio, en vez de ir Dirección Xeral a Dirección Xeral para cada actividade, polo que intentaremos asinar un convenio máis sólido que nos permita un apoio máis amplo. A intención é loitar por un convenio forte coa Administración Pública que permita manter as contratacións e o traballo.

Non producíndose máis intervencións, procédese á **votación do Plan de Traballo e Orzamento 2025:**

ACORDO:

A votación ao **Plan de Traballo e Orzamento 2025** resultou favorable, aprobada por unanimidade de votos.

A Presidenta Sonia González Rodríguez agradece a confianza e aprobación.

5. PROPOSTA DE ADAPTAR AS COTAS DE MANTEMENTO SEMESTRAL DO CEESG, PARA ENGADIR O SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL PROFESIONAL A TODAS AS COLEXIADAS A PARTIR DE 2026

Presenta: Presidenta Sonia González Rodríguez

Expón que no 2026 a intención é celebrar a Asemblea Xeral do Ceesg no 1º trimestre do ano, coa que remata a actual Xunta de Goberno.

Noutros territorios o seguro de responsabilidade civil profesional (RCP, en diante) está incluído nas cotas de mantemento colexiais, como un servizo obrigatorio.

As cotas de mantemento semestral do Ceesg están conxeladas desde 2020 e non se van incrementar. O que se propón é incluír o seguro RCP como servizo obrigatorio, motivo polo que as cotas se incrementarían no importe do custo do seguro RCP (actualmente 4,59€/ano) redondeando, para que non queden importes enteiros.

Intervencións:

- Colexiada 3389. Consulta se só se aplicaría a colexiadas en activo e cantas aseguradas hai agora.
- Presidenta Sonia González Rodríguez. Responde que a proposta é para todas as colexiadas sin distinción e facilita o número de aseguradas actual, 134, confirmado pola Secretaria Técnica.
- Colexiada 3389. Pide cautela nesta decisión, xa que todas as propostas que supoñen suba de cotas xeneran polémica.

Non habendo máis intervencións procédese á votación deste punto da orde do día, aclarando que a proposta é adaptar as cotas de mantemento semestral do Ceesg desde 2026, aplicándoas xa no 1º semestre do ano, incluíndo o seguro RCP para todas as colexiadas, redondeando quedarían cos seguintes importes:

- Cota semestral xeral: $73,34€ + 4,59€ = 77,93€$, redondeándose a **78€**
- Cota semestral reducida por desemprego e/ou colexiados senior: $36,67€ + 4,59€ = 41,26€$, redondeándose a **42€**
- Cota de mantemento reducida por salario < SMI: $55€ + 4,59€ = 59,59€$, redondeándose a **60€**

ACORDO:

A votación á **Proposta de adaptar as cotas de mantemento semestral do Ceesg, para engadir o Seguro RCP a todas as colexiadas a partir de 2026**, queda aprobada por maioría, co seguinte escrutinio de votos:

Votos a favor: 23

Votos en contra: 0

Abstencións: 3

6. APROBACIÓN DO REGULAMENTO DO PROCEDEMENTO DISCIPLINARIO DO CEESG.

Presenta: Presidenta Sonia González Rodríguez

Informa que a asesora xurídica do Ceesg escusou a súa asistencia á presente Asemblea Xeral, por motivos de urxencia familiar, mais o regulamento do procedemento disciplinario está revisado por ela e estaba xa colgado na web, polo que entendemos que se revisou previamente.

Non producíndose intervencións, procédese á votación:

ACORDO:

A votación ao **Regulamento do Procedemento Sancionador**, queda aprobada por maioría, co seguinte escrutinio de votos:

Votos a favor: 23

Votos en contra: 0

7. SUXESTIÓNS E PREGUNTAS.

Intervencións:

- Colexiada 3389. Propón nomear como colexiado de Honra a José Antonio Caride Gómez, hai máis nomes pero considera que él meréceo. Fíxose un *Congreso Internacional de Educación Social e Escola* no exercicio 2016, pódese tirar dese fío e facer algo no 2026, como por exemplo celebrando o 10º aniversario dese evento, para o seu nomeamento. Igual non chamarlle “congreso”, quizáis mellor “*IV Encontro con Nova Escola Galega*” por exemplo.
- Presidenta Sonia González Rodríguez. Agradece a proposta.
- Vicepresidenta Rocío Núñez Rúa. Agradece a proposta.
- Colexiada 3688. Comparte a proposta e informa que a José Antonio Caride Gómez quedalle só un curso académico na USC antes de xubilarse, polo que reforza a proposta da colexiada 3389, na mesma liña. Engade outro asunto de interés: na USC, Traballo Social vai deixar de ser concertada e están vendo en que Facultade se vai integrar, polo que estamos nun momento complicado e en liña con isto comenta que hai que volver a sacar algún material en torno ao ámbito de *Educación Social e Escola* xa que Traballo social está a centrarse xa no ámbito de *Traballo Social educacional*.

Non producíndose máis propostas, dase por finalizada a Asemblea Xeral ás 18:30h agradecendo a todas/os a asistencia, confianza, apoio e participación.